

boletín do ceesg

maio

opinión



Nº 27 | Maio de 2009 | Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia



Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña

T 981 552 206 | F 981 938 274
ceesg@colexioeducadores.com
www.colexioeducadores.com

OPINIÓN DUNHA COLEXIADA

Lamento profundamente, que unha profesional dun centro do Consorcio se deixara levar das críticas das persoas que non tiveron as mesmas oportunidades, ou que se deixou levar de “disques”... e por tales motivos se tivera que ofender aos profesionais que traballan nos centros concertados.

O traballo dunha colexiada ou colexiado, formado e informado do seu traballo a realizar é loitar polas capas máis desfavorecidas. Para mín, aínda queda unha materia pendente na Educación Social. A escola non o pode dar todo. Os libros dan ciencia e técnicas, pero moitas veces carecen de valores. É lamentable...

Os educadores e educadoras sociais, cando entramos nun campo de traballo, sexa na concertada ou na pública, debemos de ollar cara aos lados e saber que hai espazos que podemos compartir. Do contrario, onde están os valores sociais que como Educadores e Educadoras debemos portar? No mundo cabemos todos, estimados compañeiros e compañeiras. As envexas profesionais non son éticas nin se adecúan ao noso código deontolóxico.

Temos dereito a exercer a nosa educación e profesión o máis eficientemente posible, pero estimados/as compañeiros/as: non somos únicos/as! Temos que aprender a convivir e a compartir tarefas en favor dos demais.

É deber do noso Colexio, loitar para que a nosa profesionalidade sexa recoñecida en tódolos campos da Educación Social. Isto conleva non deixar mal aos que loitan por nós. Moitas veces queridas compañeiras e compañeiros, sen pensalo, poñemos atrancos a outros/as cando chegan de novos/as. A experiencia é moi importante. Tivemos persoas que nos acolleron nos centros concertados. Sentímonos como na nosa casa. Pero lamento como educadora, que moitas de nós, non sexamos acolledoras coas que entran acabadas de diplomarse.

A nosa profesión debe ser altruísta e universal; nunca partidista. A nosa loita polas capas máis desfavorecidas debe de ir contra o partido que lle toque o turno, sexa da cor que sexa.

Pilar Traba
Colexiada nº 0391



AVISOS IMPORTANTES:

→ A finais do mes de xullo realizarase o cobro da cota de mantemento do segundo semestre do 2009, que ascende á seguinte cantidade:

- COTA XERAL: **67,43 €**
- COTA BONIFICADA POR DESEMPREGO: **33,71 €**
- COTA BONIFICADA POR SALARIO INFERIOR AO SMI: **50,60 €**

As persoas que desexen beneficiarse das cotas bonificadas deben facer chegar ao CEESG a documentación oportuna **antes do día 1 de xullo**. Non serán admitidas solicitudes de cotas bonificadas con posterioridade á data sinalada, dada a existencia de xuros bancarios sufragados por emisión e devolución de cotas.

→ A partir do día 1 de xuño comeza o **horario de verán**, polo que a atención ao público da oficina do CEESG será de luns a venres de 8:00 a 15:00 h. Entre os días 17 e 28 de agosto, permanecerá pechada por **vacacións**. En datas próximas tamén é previsible o peche da oficina por mor do traslado á nova sede que estará sita na Rúa Lisboa, 20 do polígono de Fontiñas (Santiago). Informarase das datas de peche a través da páxina www.colexioeducadores.com

ACTUACIONES REALIZADAS

- Apoio á campaña *Eu decido! en defensa do dereito ao aborto na sanidade pública*, organizada pola Marcha Mundial das Mulleres.
- Apoio á reivindicación formulada pola Rede Social Galicia Sur para a apertura, sen dilación, do Centro de Inclusión Social e Albergue Público de Vigo.
- Adhesión ao Foro Mundial da Educación 2010.
- Declaración conxunta dos Colexios de Traballo Social e Educación Social sobre a necesidade duns servizos sociais públicos e de calidade.
- Asistencia a unha reunión da Comisión interdisciplinar de Educación Familiar do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que tivo lugar o día 12 de maio en Santiago de Compostela. Asistiu Sofía Riveiro, Vogal do CEESG.
- Presentación do CEESG aos estudantes de 2º de Educación Social da Universidade de A Coruña. Tivo lugar o día 15 de maio e foi realizada por María José Caride, Vogal do CEESG.
- Solicitude ás Fundacións Pedro Barrié de la Maza, Paideia e Mª José Jove de colaboración para o mantemento do portal www.eduso.net.
- Solicitude á Obra Social Caixa Galicia de colaboración económica co Plan de Formación do CEESG 2009.
- Participación o día 14 de maio na mesa redonda *Colexios Profesionais e Igualdade de Xénero*, que tivo lugar no marco do Simposio interdisciplinario *Muller, participación e igualdade: universidades, política local e movemento asociativo*, que tivo lugar en A Coruña, organizado pola Asociación Luso-galega de Antropoloxía aplicada. Interveu Mª José Fernández, Presidenta do CEESG.
- Xuntanzas con D. Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde de Santiago de Compostela, o día 29 de abril e con Dna. Mar Martín, Concelleira de Benestar, o día 7 de maio. Propúxoselle a posibilidade de colaboración do concello nunha xornada sobre servizos sociais. Ao primeiro encontro acudiron Mª José Fernández e Mari Carmen Rey, Presidenta e Secretaria Técnica do CEESG respectivamente. Á segunda acudiu Alfonso Tembrás, Vicepresidente.
- Participación na Asemblea ASEDES-CGCEES de disolución ASEDES, que tivo lugar en Tenerife do 14 ao 17 de maio. Acudiron Alfonso Tembrás e Chus Gutiérrez, Vicepresidente e Vogal do CEESG respectivamente en representación do colexio e Alberto Fdez. de Sanmamed en calidade de Presidente do CGCEES.
- Envío de escrito ao Concello de Mos, en relación ás bases de convocatoria dun posto de Educador/a Social publicadas no portal www.concellomos.es e anunciada no xornal *Faro de Vigo* de 21 de abril, sinalando que a única titulación admitida no proceso selectivo debe ser a de Educación social ou habilitación correspondente.
- Envío de Escrito ao Concello de Miño, en relación ás bases de convocatoria dun posto de Técnico Sociocultural, publicadas no BOP de A Coruña de 16 de abril, solicitando a inclusión das persoas habilitadas no proceso selectivo e sinalando a conveniencia de denominar a praza "Animador/a Sociocultural".
- Recurso de reposición contra as bases xerais reguladoras do proceso selectivo para cubrir unha praza de educador/a familiar, do Concello Meis, publicadas no BOP de Pontevedra de 26 de maio. Solicítase a admisión de persoa habilitadas polo CEESG para exercer como educadores/as sociais.

ARTIGO DE INTERESE: Asemblea Xeral do CEESG

O pasado 24 de abril tivo lugar no Museo Pedagóxico de Galicia (Santiago) a Asemblea Xeral do CEESG, á que estaban convocadas todas as persoas integrantes da entidade para revisar as memorias de actividades e económica do 2008 e aprobar os plans de traballo e orzamento para o presente ano.

A escasa asistencia de colexiadas/os viuse compensada coa ampla participación das persoas alí presentes, que debateron, opinaron e fixeron propostas sobre os documentos de traballo a aprobar.

Entre as propostas máis salientables para o ano 2009, pode sinalarse a preparación dun plano estratéxico que dirixa as accións do colexio, que será coordinada polo colexiado Carlos Varela por proposta súa, e tamén a profunda modificación da páxina web, converténdoa nunha ferramenta de comunicación e de relación entre colexiados e colexiadas, así como nun instrumento a través do que canalizar os servizos do colexio.

No plano económico, cabe salientarse que o exercicio 2008 tivo un resultado deficitario, incorrendo en maiores gastos que ingresos. Para o presente ano, adaptouse o orzamento a unha estimación de ingresos inferior, recortando en gran medida a partida destinada ás actividades formativas. Aínda así, a formación segue a ser unha das partidas máis considerable, xunto coas destinadas á nova páxina web e á representación estatal.

A maiores dos gastos que forman parte dos orzamentos, hai obrigas de pago contraídas desde finais de 2008 pola adquisición e reforma da nova sede colexial. Isto supón que os fondos propios que existían se verán diminuídos en arredor de 180.000 €.

Todos os documentos aprobados na asemblea están á vosa disposición en www.colexioeducadores.com (sección O Colexio)

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

FORMACIÓN CONTINUA

CURSOS DE PARADIGMA EDUCACIÓN (On-line)

Organiza: Paradigma Educación.

Contido: Diversos cursos sobre: linguaxe e comunicación, saúde sexual, estudos de xénero, discapacidade, socioloxía básica e desenvolvemento de proxectos.

Información e inscricións:

Tlf.: 667.808.893

info@paradigmaeducacion.com

www.paradigmaeducacion.com

CON DESCENTO
PARA PERSOAS
COLEXIADAS

Paradigma Educación ofrece un **desconto do 20%** no prezo de inscrición aos seus cursos a todas as persoas colexiadas do CEESG.

Se ademais realizas a inscrición **antes de setembro** de 2009, o desconto será do **25%**.

CONGRESO NACIONAL DE SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS DA FEMP

Organiza: Federación Española de Municipios e Provincias.

Lugar: Zamora.

Datas: 10, 11 e 12 de xuño de 2009.

Prezo: gratuito.

Información e inscricións:

www.cnsszamora.es

cnsszamora@terra.es

Tlf.: 980.100.422 / 980.510.970

NOVAS DOS BOLETÍNS

EMPREGO

Concello de Val do Dubra (A Coruña): Bases xerais e específicas para a provisión das prazas correspondentes á oferta de emprego público do ano 2007. Unha praza de Técnico local de emprego. BOP 06/05/09

Concello de Meis (Pontevedra): Bases xerais reguladoras do proceso selectivo para cubrir en réxime laboral fixo, polo procedemento de concurso de méritos. Unha praza de educador/a familiar. BOP 26/05/09

OUTROS

Ministerio de Cultura: Resolución pola que se convoca o concurso de proxectos de animación á lectura María Moliner en municipios de menos de 50.000 habitantes e se convocan as axudas consistentes en lotes de libros. BOE 23/04/09

Ministerio do Interior: Resolución pola que se convoca o Premio Nacional Victoria Kent 2009 para o fomento da investigación multidisciplinar en materia penitenciaria. BOE 27/04/09

Ministerio de Igualdade: Resolución do Instituto da Xuventude pola que se convoca a concesión de subvencións. BOE 12/05/09

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Orde pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento. DOG 14/05/09

Ministerio de Educación: Resolución pola que se convocan axudas destinadas a promover Agrupacións de Centros Educativos para a realización e posta en práctica de proxectos comúns. BOE 15/05/09

Deputación de Pontevedra: Bases de subvencións de apoio á cultura, dirixidas a entidades para actividades e investimentos. Ano 2009. BOP 19/05/09

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: Modificación da convocatoria de axudas económicas dirixidas ás asociacións e fundacións con fins pedagóxicos e sen ánimo de lucro para a realización de actividades organizadas co alumnado e coas familias de Galicia. DOG 20/05/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación: Resolución pola que se establece o procedemento para a obtención da calificación polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento e para a súa revisión e revocación. BOE 21/05/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación: Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a celebración de congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación para o desenvolvemento. BOE 22/05/09

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación: Orde pola que se crean os Premios Nacionais de Educación para o Desenvolvemento en centros docentes sostidos con fondos públicos, se establecen as bases para a súa concesión e se convocan os correspondentes ao ano 2009. BOE 22/05/09

Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación: Orde reguladora das bases para a concesión de subvencións para a realización de actividades no marco do plan director da cooperación española a fundacións e asociacións dependentes de partidos políticos con representación parlamentaria de ámbito estatal. BOE 22/05/09

Ministerio de Sanidade e Política Social: Orde pola que se convoca a concesión de axudas económicas a entidades privadas sen fins de lucro e de ámbito estatal, para a realización de programas supracomunitarios sobre drogodependencias. BOE 23/05/09

Ministerio de Educación, Política Social e Deporte: Resolución do Instituto de Maiores y Servizos Sociais pola que se convocan os premios IMSERSO «Infanta Cristina» 2009. BOE 25/05/09

Deputación de Ourense: Bases reguladoras da segunda convocatoria de concurso público para a concesión de bolsas internacionais no marco do programa europeo Leonardo da Vinci. BOP 25/05/09

Ministerio de Educación: Orde pola que se convocan os premios para centros docentes que desenvolvan accións dirixidas ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais e para os centros que as dirixen á compensación de desigualdades en educación. BOE 26/05/09

Ministerio de Sanidade e Política Social: Resolución pola que se convoca a concesión de subvencións na área de atención a maiores, durante o ano 2009. BOE 27/05/09